

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

I+D+i

GRUPO 3: COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN

MESA: I+D+i

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1 Avanzar no modelo de especialización e mellorar o posicionamento de Galicia como rexión innovadora:**
 - 1.1 Avanzar no proceso de especialización establecido pola RIS3 de Galicia, reforzando as capacidades de I+D+i nestes ámbitos de especialización
 - 1.2 Potenciar o investimento en I+D+i nestes sectores estratéxicos para avanzar cara a un modelo produtivo capaz de competir e innovar con respecto ao resto de rexións de Europa.
- 2 Incrementar o investimento en I+D+i en Galicia, tanto por parte da administración pública, como por parte da iniciativa privada.**
 - 2.1 Fomentar a cultura de innovación nas empresas
 - 2.2 Establecer incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i, especialmente nas PEMEs e sectores-nos ámbitos de especialización de Galicia
 - 2.3 Aumentar o efecto multiplicador do financiamento público sobre o financiamento privado.
- 3 Dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado (universidades, centros públicos e privados de investigación, agrupacións industriais e empresas) e valorización e comercialización de resultados de investigación**
 - 3.1 Desenvolver metodoloxías para a identificación, selección e valorización de resultados e establecer indicadores de medición da transferencia innovadores
 - 3.2 Programas de Proba-Concepto e aceleradoras/incubadoras.
 - 3.3 Mellorar a capacitación e as competencias transversais dos investigadores en innovación, emprendemento e comercialización de resultados de investigación, implementación da capacitación e a formación na formación profesional para o emprego.
 - 3.4 Reforzar as estruturas de transferencia de coñecemento e tecnoloxía a través da capacitación, adestramento e especialización dos seus profesionais (xestores de I+D+i)
 - 3.5 Fomentar a cooperación entre as diferentes estruturas de transferencia para sumar capacidades e carteira de proxectos
 - 3.6 Fomentar a internacionalización da I+D+i e a comercialización de resultados en contornas globais así como a relacións entre os axentes de coñecemento e as empresa
 - 3.7 Fomentar a interacción entre sectores produtivos e centros de deseño

- 3.8 Eliminar as barreiras á transferencia de resultados de investigación desenvolvendo mecanismos máis áxiles nas institucións e revisar os incentivos e os recoñecementos aos investigadores (como poden ser os sexenios de transferencia)
- 4 Reforzar a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, especialmente coas empresas:**
- 4.1 Reforzar a difusión do coñecemento xerado en Galicia
 - 4.2 Impulsar novos proxectos de I+D+i entre axentes
 - 4.3 Desenvolver un Catálogo integrado de capacidades do ecosistema galego de I+D+i que garanta o “*deal-flow*” de proxectos para transferir ao mercado
 - 4.4 Mapa de infraestruturas “compatibles”
- 5 Xerar, reter e atraer talento para I+D+i en Galicia:**
- 5.1 Minimizar o éxodo de talento innovador, reter aos profesionais formados en Galicia
 - 5.2 Impulsar medidas para a adecuada xestión do talento innovador (xeración, atracción e retención)
 - 5.3 Reforzo da incorporación de talento e persoal dedicado a I+D+i dos centros de coñecemento ás empresas. Por exemplo, a través da instauración dun doutoramento industrial (froito da colaboración entre empresas e universidades)
- 6 Mellorar a eficiencia, a estruturación e a ordenación do ecosistema de I+D+i. Evitar solapamentos entre centros, servizos, etc.**
- 7 Mellorar a xestión administrativa vinculada a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i. Reducir a excesiva burocracia na xestión de axudas e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles**
- 7.1 Mellorar a xestión administrativa nos procesos de presentación, valoración, concesión e xustificación de axudas á I+D+i
 - 7.2 Mellorar os procesos de valoración do persoal investigador
 - 7.3 Políticas participativas
 - 7.4 Mellora en indicadores e instrumentos de medida e seguimento da efectividade
- 8 Promoción da cultura innovadora e de emprendemento. Concienciar á sociedade dos beneficios da investigación e a innovación. “Fomento das vocacións STEM” entre os mozos/as para garantir o talento futuro nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas, con especial foco nas mulleres.**
- 9 Internacionalización da I+D+i galega e interconexión cos ecosistemas europeos. Necesidade de inserirnos nas cadeas de valor europeas.**
- 10 Visualización e posicionamento, mellorar a imaxe de Galicia como lugar apropiado para facer I+D+i.**

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 Segundo o índice de innovación rexional Galicia atópase no grupo de economías cun compoñente innovador moderado.	A.1 Dificultade para a competitividade a medio/longo prazo, por mor do escaso investimento en I+D+i, especialmente no sector privado.	F.1 Posición por enriba ou similar á media europea en canto a educación terciaria e formación permanente.	O.1 Mellora da competitividade exterior de Galicia que facilita as posibilidades de comercio exterior.
D.2 Intensidade de gasto en I+D+i por baixo da media nacional e europea. A porcentaxe de persoal en I+D+i sobre o total do emprego tamén é inferior á media nacional.	A.2 Baixo número de empresas innovadoras e cunha evolución descendente. Baixo número de empresas en sectores de media e alta tecnoloxía.	F.2 Presenza equilibrada de mulleres entre o persoal e investigadores/as en I+D nos sectores da Administración Pública e do Ensino superior.	O.2 Liderado empresarial en sectores con percorrido para a innovación.
D.3 Baixa porcentaxe de investimento empresarial en I+D+i sobre o gasto total neste apartado.	A.3 Falta de cultura emprendedora.	F.4 Existencia de alto nivel e de bo número de investigadores e persoal de apoio nas Universidades e centros de investigación.	O.3 Mellora da competitividade mediante a innovación aplicada á eficiencia enerxética e a redución das emisións contaminantes.
D.4 Reducido tamaño medio das empresas, que condiciona a súa capacidade de: absorción de novo coñecemento, traslado ao mercado de novas innovacións, mellora da competitividade, crecemento e internacionalización.	A.4 Retraso de partida con respecto a outras rexións e países.	F.5 Existencia de plataformas, redes de infraestruturas tecnolóxicas ofrecida polos centros públicos de investigación e acceso a infraestruturas científicas e tecnolóxicas avanzadas	O.4 Oportunidades tecnolóxicas aliñadas coas prioridades europeas.
D.5 Estructura produtiva caracterizada por unha especialización relativa en sectores que non son intensivos en coñecemento e escasa nas actividades de maior intensidade tecnolóxica, o que implica unha baixa capacidade de tracción por parte do sector privado no eido da innovación, coñecemento e nivel tecnolóxico.	A.5 A dimensión da economía galega e das empresas impide que se produza unha masa crítica suficiente nos aspectos relacionados coa I+D+i; o que dificulta o impulso e captación de proxectos solventes.	F.6 Sectores industriais tractores con ampla experiencia. Existencia de tradición de investigación agraria, forestal, agroalimentaria, oceanográfica e pesqueira	O.5 Potencial competitivo e de diversificación por aplicación de tecnoloxías emerxentes a sectores produtivos.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.6 Baixo nivel de innovación tanto na capacidade para transformar o esforzo en I+D en produtos ou procesos novos, como en modelos de negocio e mellora na cualificación progresiva dos recursos humanos e as súas actividades.	A.6 Un alto porcentaxe do financiamento público en I+D+i procede de fondos europeos, a posible redución de fondos estruturais europeos limitaría o potencial da nosa Comunidade.	F.7 Infraestruturas competitivas e capital humano con experiencia	O.6 A posta en marcha de instrumentos financeiros para PEMES por parte do sector público e a expansión cuantitativa da política monetaria permite mellorar a oferta de crédito.
D.7 Rixidez dos modelos de investigación, especialmente nas Universidades.	A.7 Falta de incentivos para a translación de recursos públicos cara a fins de mercado.	F.8 Oferta formativa superior ampla e variada	O.7 O interese da comunidade científica e tecnolóxica por chegar ao mercado a través do emprendemento.
D.8 Falta de cooperación e sinerxías entre as PEMES para o desenvolvemento de proxectos e actuacións colaborativos en I+D+i	A.8 Competencia internacional crecente sobre os recursos, talento, tecnoloxía e atracción de investimentos en I+D+i.	F.9 Existencia de capacidades investigadoras e de xeración de coñecemento	O.8 Potencial da compra pública para impulsar o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
D.9 Limitada coordinación (Administración-ciencia-sector), para aproveitar os mecanismos de transferencia tecnolóxica, infraestruturas científicas e tecnolóxicas e instrumentos de financiamento e innovación entre os diferentes axentes. Deficiente sistema de incentivos e recoñecemento de méritos aos investigadores	A.9 Limitada capacidade para sumar entre axentes o que dificulta competir / posicionarse cara a fóra (UE)	F.10 Existencia de fondos públicos con orientación tecnolóxico-innovadora	O.9 Existencia de centros de investigación públicos de referencia a nivel nacional
D.10 Baixa capacidade de atracción de talento			O.10 Existencia de incentivos fiscais ás pemes galegas. Impulso do deseño como factor de innovación, especialmente nas pemes.
D.11 Déficit de transferencia de tecnoloxía por parte do sector público de I+D en comparación co seu nivel de produción científica; e baixa capacidade de absorción polas PEMES.			O.11 Referentes a nivel europeo no apartado da compra pública innovadora.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.12 Maiores dificultades nas zonas máis rurais para o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e a comunicación cos centros de transferencia de tecnoloxía			O.12 Análise e reforma na estrutura de competencias da política de I+D+i de a Xunta de Galicia, tratando de paliar a disgregación de competencias e a xeración de ineficiencias no sistema
D.13 Deficiencia tecnolóxica respecto a outros países cos que somos competidores.			O.13 Abordar a nivel estatal as medidas estruturais pendentes e atender as recomendacións de reforma da Comisión. Mellora do marco legal e institucional estatal.
D.14 Corporativismo e endogamia: baixa rotación dos investigadores.			
D.15 Baixa percepción social do esforzo público por incrementar o potencial I+D galego			